

2. Este nivel mínimo de protección será financiado integramente pola Administración xeral do Estado nos termos establecidos no artigo 32 da citada lei, a cargo dos recursos previstos anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para a súa transferencia ás comunidades autónomas.

3. O nivel mínimo de protección para cada beneficiario do sistema será o equivalente á cantidade fixada para cada grao e nivel de dependencia, que se determinará anualmente segundo o calendario de aplicación progresiva establecido na disposición adicional primeira da lei. Para o exercicio 2007, a cantidade será a correspondente ao anexo a este real decreto.

4. As contías sinaladas para o nivel mínimo de protección no anexo serán obxecto de actualización anual mediante real decreto, tendo en conta a actualización aplicada ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

5. A Administración xeral do Estado fará efectiva ás comunidades autónomas as cantidades que procedan en función do número de beneficiarios recoñecidos en situación de dependencia con dereito a prestacións, tendo en conta para isto o seu grao e nivel e a data de efectividade do seu recoñecemento. Os créditos necesarios para esta finalidade liberaranse mensualmente por doceavas partes segundo o número de beneficiarios con dereito a prestación, procedéndose á súa regularización con carácter trimestral. Para isto, as comunidades autónomas informarán a Administración xeral do Estado das resolucións de recoñecemento adoptadas, ben como do grao e nivel dos beneficiarios, a través da conexión á rede de comunicacións e servizos telemáticos do sistema.

Disposición adicional única. *Ceuta e Melilla.*

1. A Administración xeral do Estado asumirá as funcións de planificación, ordenación, dirección e xestión do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, ben como o financiamento correspondente ao nivel mínimo de protección nas cidades de Ceuta e Melilla.

2. De conformidade co previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 39/2006, o Ministerio de

Traballo e Asuntos Sociais e as cidades de Ceuta e Melilla subscribirán acordos sobre centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, a colaboración na xestión e o seu financiamento.

3. As cidades de Ceuta e Melilla poderán contribuír coa Administración do Estado na definición, financiamento e xestión dun nivel de protección adicional.

Disposición transitoria única. *Achega transitoria de fondos ás comunidades autónomas.*

Até seren acordados polo Consello Territorial os criterios para determinar a intensidade de protección dos servizos, a compatibilidade e incompatibilidade entre eles, as condicións e contías das prestacións económicas e os criterios de participación dos beneficiarios no custo dos servizos, o Goberno achegará á comunidade autónoma as cantidades previstas no anexo, sempre que exista un recoñecemento da situación de dependencia e o beneficiario estea a recibir servizos ou prestacións económicas de dependencia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos
Sociais,

JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

ANEXO

Expresión cuantificada dos niveis de protección do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia

Grao e nivel	Mínimo de protección garantido (artigo 3 do Real decreto) - Euros	Achega total máxima estimada da Administración xeral do Estado, (en media por beneficiario e mes) - Euros	Media estimada do total da achega das administracións públicas por beneficiario e mes correspondente aos niveis mínimo e acordado - Euros
Grao III Gran dependencia. Nivel 2	250	507	1.014
Grao III Gran dependencia. Nivel 1	170	387	774

9690 *REAL DECRETO 615 /2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia. («BOE» 114, do 12-5-2007.)*

O artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ao regular a prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais, establece no seu número 3 que o coidador se deberá axustar ás normas sobre afiliación, alta e cotización á Seguridade Social que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, na disposición adicio-

nal cuarta da mencionada lei establécese que o Goberno determinará a incorporación á Seguridade Social dos coidadores non profesionais no réxime que lles corresponda, ben como os requisitos e procedemento de afiliación, alta e cotización.

O vixente ordenamento da Seguridade Social, para dar cumprimento ao mandado incluído na Lei 39/2006, do 14 de decembro, facilita o recurso ao instituto do convenio especial previsto no artigo 125.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, ao cal se deberán acoller os coidadores non profesionais para acceder á protección do sistema da Seguridade Social, en canto se

perciba a prestación económica regulada na Lei 39/2006, do 14 de decembro.

O obxecto, por tanto, deste real decreto é regular a inclusión na Seguridade Social dos coidadores non profesionais. Do mesmo modo, e unha vez que conforme o artigo 18.4 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, se prevé a aplicación aos coidadores non profesionais de programas de formación e accións formativas, recóllese o seu financiamento mediante un tipo reducido de cotización.

Doutro lado, a Lei 39/2006, do 14 de decembro, prevé un catálogo de servizos e prestacións, susceptibles de seren ampliados polas comunidades autónomas e financiado polas diferentes administracións, con participación dos beneficiarios segundo a súa capacidade económica persoal, que serán prestados por profesionais. Ora ben, a existencia de diversos supostos de financiamento, en función do tipo de servizo, da aplicación progresiva da lei, da capacidade económica do destinatario do servizo e do desenvolvemento da norma nas distintas comunidades autónomas, non se pode traducir en diferentes regras de encadramento no sistema da Seguridade Social que, ademais, terían consecuencias negativas para a calidade das prestacións e para a igualdade efectiva no acceso a estas por parte dos beneficiarios. Por isto, resulta oportuno delimitar, con base na normativa vixente, os marcos de encadramento dos coidadores profesionais.

No seu proceso de elaboración, este real decreto foi sometido a consulta do Comité Consultivo, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social, e recibíuse informe do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Este real decreto dítase en uso das facultades conferidas na disposición derradeira sétima e na disposición adicional cuarta da Lei 39/2006, do 14 de decembro, ben como na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, con informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Coidadores non profesionais.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 2.5, 14.4 e 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, poderán asumir a condición de coidadores non profesionais dunha persoa en situación de dependencia o seu cónxuxe e os seus parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, até o terceiro grao de parentesco.

2. Cando a persoa en situación de dependencia teña o seu domicilio nun medio caracterizado por insuficiencia de recursos públicos ou privados demostrados, a despoación, ou circunstancias xeográficas ou doutra natureza que impidan ou dificulten outras modalidades de atención, a administración competente poderá excepcionalmente permitir a existencia de coidados non profesionais por parte dunha persoa do seu medio que, aínda sen ter o grao de parentesco sinalado no número anterior, resida no municipio da persoa dependente ou nun veciño, e o fíxese durante o período previo dun ano.

Artigo 2. *Encadramento na Seguridade Social.*

1. Os coidadores non profesionais a que se refire o artigo anterior quedarán incluídos obrigatoriamente no campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade

Social e en situación asimilada á alta, mediante a subscripción do convenio especial regulado neste real decreto.

A subscripción do convenio especial non precisará da demostración de período de cotización previo.

2. Non será aplicable o disposto no número anterior nos supostos en que o coidador non profesional continúe a realizar ou inicie unha actividade profesional pola cal deba quedar incluído no sistema da Seguridade Social, ben como nos supostos a que se refire o número seguinte.

Do mesmo xeito, non existirá a obriga de subscribir convenio especial nos supostos en que o coidador estea percibindo a prestación de desemprego, ou cando teña a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente ou, de se tratar de pensionista de viuvez ou en favor de familiares, cando teña 65 anos ou máis.

3. Non existirá a obriga de subscripción do convenio especial regulado neste real decreto polos períodos en que o coidador non profesional estea a desfrutar dos períodos de excedencia laboral en razón de coidado de familiares, que teñan a consideración de períodos de cotización efectiva, de acordo co previsto no artigo 180 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

4. Nos casos en que, como consecuencia da realización dos coidados non profesionais, o coidador deba reducir a súa xornada de traballo e a correspondente retribución, nos termos previstos na lexislación laboral ou de función pública que sexa de aplicación, o convenio especial aplicarase para o mantemento da base de cotización nos termos establecidos no artigo 4.2.

5. Nos casos en que o coidador non profesional, con anterioridade á prestación dos correspondentes coidados en beneficio da persoa dependente, teña subscrito un convenio especial coa Seguridade Social, procederá a extinción dese convenio e a subscripción do regulado neste real decreto, sen prexuízo do mantemento da base de cotización de conformidade co previsto no artigo 4.2.

6. Para efectos da subscripción do convenio especial e a demostración da realización dos coidados non profesionais, deberase presentar copia da resolución pola cal se concedese a prestación económica á persoa atendida, ben como a documentación que demostre o parentesco con aquela ou das circunstancias a que se refire o artigo 1.2.

Artigo 3. *Acción protectora.*

A situación de asimilación á alta a que se refire o artigo anterior será para efectos das prestacións de xubilación e de incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de accidente, calquera que for o seu carácter, ou de enfermidade, con independencia da súa natureza.

Artigo 4. *Cotización.*

1. A base mensual de cotización no convenio especial será o tope mínimo que en cada momento estea establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Nos casos en que os coidados á persoa en situación de dependencia non alcancen a dedicación completa, a base de cotización indicada reducirase proporcionalmente, sen que, salvo o disposto no parágrafo segundo do número seguinte, a base de cotización poida ser inferior ao 50 por cento do tope mínimo establecido no réxime xeral.

2. Cando a persoa que desempeñe as funcións de coidador non profesional interrompese unha actividade por conta allea ou por conta propia, pola cal tivese estado incluído no sistema da Seguridade Social, a fin de dedicarse á atención da persoa dependente, poderá manter a base de cotización do último exercicio nesa actividade, sempre que resulte superior ao tope mínimo do réxime

xeral, e será ao seu cargo directo o custo do incremento de cotización sobre a contía resultante da aplicación do número 1 deste artigo. Esta base poderase actualizar nos mesmos termos que o tope mínimo citado.

Nos casos previstos no artigo 2.4, a suma da base de cotización do coidador non profesional, en función da actividade laboral realizada, e a prevista neste número, non poderá ser superior á base pola cal se estaba a cotizar antes de reducir a xornada e a correspondente retribución, como consecuencia da atención ao familiar en situación de dependencia. Se se superar o límite indicado, procederá a reducir a base de cotización aplicable no convenio especial.

Se a subscrición do convenio especial regulado neste real decreto supuxo a extinción doutro convenio anterior, nos termos regulados no artigo 2.5, o interesado poderá manter a base pola cal estaba a cotizar, e será ao seu cargo directo o custo do incremento de cotización sobre a contía resultante da aplicación do número 1 deste artigo. Esta base poderase actualizar nos mesmos termos que o tope mínimo do réxime xeral.

3. Á base de cotización resultante, conforme o previsto nos números anteriores, aplicaráselle o tipo de cotización vixente en cada momento. O importe resultante reducirase mediante a aplicación do coeficiente que determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, despois de informe do Ministerio de Economía e Facenda, sendo o resultado a cota a ingresar.

4. Para efectos do financiamento total ou parcial das accións formativas previstas no artigo 18.4 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, cotizarase por formación profesional nunha contía equivalente ao 0,2 por cento aplicable á base de cotización indicada no número 2 deste artigo.

5. A cotización á Seguridade Social, ben como a correspondente ás accións formativas a que se refire o número anterior, será asumida directamente por convenio coa Tesouraría xeral da Seguridade Social pola Administración xeral do Estado.

Artigo 5. *Aplicación supletoria.*

No non previsto nos artigos anteriores aplicarase o disposto no capítulo I da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, que regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. Acceso e cálculo das prestacións nos supostos de coidados non profesionais a tempo parcial.

Nos supostos previstos no segundo parágrafo do artigo 4.1, para o acceso e cálculo das correspondentes prestacións económicas, aplicaranse as regras previstas nos casos de contratos a tempo parcial.

Disposición adicional segunda. Coeficiente redutor da cotización correspondente aos coidadores non profesionais durante 2007.

Sen prexuízo do establecido no artigo 4.3, durante 2007 o coeficiente redutor da cotización dos coidadores non profesionais queda establecido no 0,77.

Disposición adicional terceira. Encadramento na Seguridade Social das persoas que prestan coidados profesionais e servizos de asistencia persoal.

O encadramento na Seguridade Social dos coidadores profesionais contratados por institucións públicas ou por entidades privadas, os contratados mediante a prestación económica vinculada ao servizo regulada nos artigos 14.3 e 17 da Lei 39/2006, ben como dos traballadores dedicados á asistencia persoal a grandes dependentes, nos ter-

mos previstos no artigo 19 da mesma lei, rexerá polo disposto nas normas de Seguridade Social que resulten de aplicación.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 2346/1969, do 25 de setembro.

Engádesse unha nova alínea d) no número 1, artigo 3, do Decreto 2346/1969, do 25 de setembro, que regula o réxime especial de empregadas domésticas, nos seguintes termos:

«d) Os coidadores profesionais contratados mediante a prestación económica regulada nos artigos 14.3 e 17 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, ben como os traballadores dedicados á asistencia persoal, nos termos regulados no artigo 19 desa lei, aínda que, nun e noutro caso, os coidados se leven a cabo no domicilio da persoa dependente ou do familiar con que aquela conviva.»

Disposición derradeira segunda. Modificacións dos reais decretos 357/1991, do 15 de marzo, e 383/1984, do 1 de febreiro.

1. Modifícase o número 4 do artigo 12 do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, que desenvolve en materia de pensións non contributivas a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. En todo caso computaranse as rendas ou ingresos, de calquera natureza, que se teña dereito a percibir ou desfrutar, salvo as asignacións económicas por fillo a cargo, teña ou non a condición de persoa con discapacidade, nas súas distintas modalidades, outorgadas polo sistema da Seguridade Social, o subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte, previsto na Lei de integración social dos minusválidos, os premios ou recompensas outorgados a persoas con discapacidade nos centros ocupacionais, ben como as prestacións económicas e en especie outorgadas en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

2. Modifícase a alínea 1.c) do artigo 2 do Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, que establece e regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, que queda redactada nos seguintes termos:

«c) Non ser beneficiario ou non ter dereito, por idade ou por calquera outra circunstancia, a prestación ou axuda de análoga natureza e finalidade e, se for o caso, de igual ou superior contía outorgada por outro organismo público, excluíndose para tal efecto as prestacións económicas e en especie outorgadas en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

Disposición derradeira terceira. Modificación do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

1. Incorpórase un novo parágrafo ao artigo 5.1.b) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que regula o subsistema de formación profesional para o emprego, nos seguintes termos:

«Así mesmo, poderán participar na formación de oferta, regulada neste real decreto, os coidadores

non profesionais que atendan as persoas en situación de dependencia, de conformidade co establecido no artigo 18.4 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

2. Incorpórase unha nova alínea c) no artigo 5.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, nos seguintes termos:

«c) Os cuidadores non profesionais que atendan as persoas en situación de dependencia, a que fai referencia o segundo parágrafo da alínea 1.b) deste artigo.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, excepto o previsto na disposición derradeira terceira, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^o da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

9691 REAL DECRETO 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración. («BOE» 114, do 12-5-2007, e «BOE» 116, do 15-5-2007.)

O fomento da coxeración de alta eficiencia sobre a base da demanda de calor útil é unha prioridade para a Unión Europea e os seus Estados membros, considerando os beneficios potenciais da coxeración no que se refire ao aforro de enerxía primaria, á eliminación de perdas na rede e á redución das emisións, en particular de gases de efecto invernadoiro, contribuíndo así ao cumprimento dos obxectivos do Protocolo de Quioto da Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático.

Ademais, o uso eficaz da enerxía mediante a coxeración contribúe eficazmente á seguranza e diversificación do fornecemento de enerxía e á situación competitiva da nosa industria.

En execución destes obxectivos, promulgouse a Directiva 2004/8/CE do Parlamento Europeo e do Conse-

llo, do 11 de febreiro de 2004, relativa ao fomento da coxeración sobre a base da demanda de calor útil no mercado interior da enerxía e pola cal se modifica a Directiva 92/42/CEE. Por outro lado, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ten como fin básico establecer a regulación do sector eléctrico cos obxectivos de garantir o fornecemento eléctrico e a súa calidade ao menor prezo posible, sen esquecer a protección do ambiente.

Este real decreto prevé a análise e avaliación do potencial nacional de coxeración de alta eficiencia, das barreiras que dificultan o seu desenvolvemento e das medidas necesarias para facilitar o acceso á rede de unidades de coxeración e centrais de microcoxeración e coxeración a pequena escala, a un tempo que se definen os métodos de determinación do aforro enerxético para as unidades de coxeración de alta eficiencia.

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o contido da Directiva 2004/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, relativa ao fomento da coxeración sobre a base da demanda de calor útil no mercado interior da enerxía e pola cal se modifica a Directiva 92/42/CEE.

Asemade, desenvólvese o artigo 6 da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, modificando o artigo 110 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo cal se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, modificado polo Real decreto 1454/2005, do 2 de decembro, no relativo á información ao consumidor sobre a orixe da electricidade consumida e o seu impacto sobre o ambiente.

De acordo co establecido na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido ao preceptivo informe da Comisión Nacional de Enerxía, para cuxa elaboración se tiveron en conta as alegacións formuladas no trámite de audiencia efectuado a través do Consello Consultivo de Electricidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e despois da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a creación dun marco para o fomento da coxeración de alta eficiencia de calor e electricidade baseado na demanda de calor útil e no aforro de enerxía primaria, incrementando a eficiencia enerxética e mellorando a seguranza do fornecemento.

2. Este real decreto é de aplicación á coxeración tal e como se define no artigo 2.a).

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do disposto neste real decreto enténdese por:

a) Coxeración, a xeración simultánea nun proceso de enerxía térmica útil (calor útil) e eléctrica e/ou mecánica.

b) Calor útil, a calor producida nun proceso de coxeración para satisfacer unha demanda economicamente xustificable de calor ou refrixeración.

c) Demanda economicamente xustificable, a demanda que non supere as necesidades de calor ou refrixeración e que, se non se recorrer á coxeración, se